

IRENE SUÁREZ LÓPEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que por Resolución da alcaldía 725/2024, de data 08/08/2024, ditouse o acordo que a continuación se reproduce:

“RESOLUCIÓN. Aprobación expediente de contratación.

Exp. 1000/2024. Visto as bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a adquisición de vehículos para os desprazamentos do persoal de servizo de axuda no fogar (SAF) libre concorrència (FOICV72024), da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 194, de 10 de outubro de 2024.

Visto que por Resolución da Alcaldía 915/2023, de 13/11/2023, procedeuse á aprobación do obxecto da solicitude para a adquisición dun vehículo (así como matriculación e rotulación) para os desprazamentos do persoal de servizo de axuda no fogar (SAF) libre concorrència, ao abeiro das bases reguladoras da Deputación Provincial da Coruña, Programa FOICV72024, así como solicitar subvención á Deputación Provincial da Coruña para a execución de dita actuación.

Visto a publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 28, de data 7 de febreiro de 2024, pola que a Deputación Provincial da Coruña outorga ao Concello de Cabanas unha subvención, por importe de 20.000,00 euros, para a adquisición de vehículo para os desprazamentos do persoal SAF.

Visto as características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato	Subministro
Obxecto do contrato	"Subministro dun vehículo para o transporte do persoal do servizo de axuda no fogar"
Procedemento de contratación	Aberto simplifícadísimo
Tipo de tramitación	Ordinaria
Códigos CPV	34100000- Vehículos de motor
Valor estimado do contrato	16.528,92 €
Orzamento base de licitación sen IVE	16.528,92 €
IVE	3.471,07 €
Orzamento total de licitación con IVE	20.000,00 €



Prazo de execución	Prazo máximo entrega do ben: 10 días hábiles
División el lotes	Non, segundo o establecido na memoria xustificativa sobre a necesidade da contratación

Visto que no expediente está xustificada a necesidade de proceder á licitación do subministro para satisfacer o interese público. Visto o Informe de Secretaria-Intervención e redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, de conformidade co artigo 117 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación mediante o procedemento aberto simplifícadísimo, con varios criterios de adxudicación de apreciación automática, para a adxudicación do **"Subministro dun vehículo para o transporte do persoal do servizo de axuda no fogar"**, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, cun orzamento de 16.528,92 euros e 3.471,07 euros de ive, o que importa un total de 20.000,00 euros. O prazo máximo de entrega da subministración será de 10 días hábiles.

Segundo. Autorizar o gasto por importe de 20.000,00 euros correspondente á aplicación orzamentaria 231.62400 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán a licitación do contrato, mediante procedemento aberto simplifícadísimo, con varios criterios de adxudicación, mediante a aplicación de fórmulas, e tramitación ordinaria.

Cuarto. A Unidade de Asistencia Técnica estará constituída por D^a. Irene Suárez López e D^a. Susana Fernández Muiño.

Quinto. Publicar anuncio de licitación no Perfil do Contratante da Plataforma de Contratos do Sector Público, empregando o sistema de licitación electrónica.

Sexto. Dar traslado da presente Resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería debido aos efectos económicos implícitos na presente resolución."

E para que conste ós efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Fernando Couce Rodríguez, en Cabanas, na data que consta á marxe.

